

EXPEDIENTE	2025055809
ASUNTO	SUBSTITUCIÓN E ASIGNACIÓN PROVISIONAL DA ACTIVIDADE DOCENTE DA PROFESORA COLABORADORA DA MATERIA DE BIOQUIMICA DURANTE O PRIMEIRO CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2025/2026
TRÁMITE	BASES QUE REGULAN O PROCESO DE SELECCIÓN

Por Resolución do 08/08/2025 autorízase á profesora de Bioquímica da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra a suspensión da súa actividade docente durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2025/2026 para unha estancia internacional no Estado de Minnesota no marco da convocatoria de profesor visitante en EEUU e Canada do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

Sendo precisa a súa substitución no primeiro cuadrimestre do novo curso académico; a proposta da dirección da Escola Universitaria de Enfermería, por concorrer razóns de urxente e inaprazable necesidade, a selección da persoa substituta levarase a cabo conforme as seguintes bases:

1. Obxecto:

Este anuncio ten por obxecto a substitución dunha profesora colaboradora da Escola Universitaria de Enfermería para o primeiro cuadrimestre do curso académico 2025/2026, polo procedemento de urxencia.

A selección levarase a cabo tendo en conta os méritos acreditados, o proxecto docente e unha entrevista persoal.

2. Vínculo xurídico:

O vínculo xurídico será de profesor/a colaborador, cunha retribución mensual de 693,20 €/mes e un total de 52 horas de docencia. Ademais das sesións docentes, realizará actividades de coordinación da materia, elaboración de materiais e probas de avaliación, tutorías individuais, corrección e revisión de exames, e seguimento académico do alumnado.

A duración de nomeamento será do 01/09/2025 ao 31/12/2025.

3. Solicitudes

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica da Deputación Provincial, a través dunha instancia xenérica, debendo achegar os seguintes documentos, sendo causa de exclusión a falta dalgún deles:



- a. Fotocopia do documento nacional de identidade; os aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade.
- b. Fotocopia do título académico de licenciatura, enxeñería ou grao en calquera rama de coñecemento relacionada coa Química.
- c. Acreditación, mediante certificado ou vida laboral, de ter a condición de funcionario público, persoal laboral ou estatutario, en praza ou posto pertencente ó grupo A1; de estar exercendo actualmente unha actividade profesional remunerada; ou de estar vinculado á docencia na universidade.
- d. Curriculum vitae detallado e xustificante de todos os méritos alegados.
- e. Proxecto docente para impartir a materia de Bioquímica.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio na páxina web da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra.

4. Selección

Para a selección da persoa substituta procederase ao nomeamento dunha comisión, integrada por tres membros titulares e tres suplentes, que se encargará da valoración das solicitudes presentadas, tendo en conta os méritos acreditados directamente relacionados coa actividade docente e investigadora en materia de bioquímica, o proxecto de docencia e, se procede, a realización dunha entrevista persoal.

A comisión non valorará os méritos que sendo alegados polas persoas aspirantes no curriculum vitae non estean debidamente xustificadas na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

A entrevista, se procede, consistirá na exposición oral do currículo vitae e proxecto docente.

Na páxina web da Escola publicarase a relación de persoas admitidas, así como a data e hora na que, de ser o caso, terá lugar a entrevista.

5. Anuncio do proceso de selección

Dada a urxencia existente na selección da persoa substituta, publicarase este anuncio na páxina web da Escola Universitaria de Enfermería.

Asinado dixitalmente á marxe.

